

Memoria, conciencia e identidade, son algunhas das claves que definen a poesía de Gelman. Amor e dor son temas recorrentes nos seus textos. Interrogantes e barras marcan o estilo.

Juan Gelman, en Galicia

Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, entregoulle o título de Escritor Galego Universal

PÁXINA LITERARIA
XULIO VALCÁRCEL



De Juan Gelman sempre se lembra, e non é para menos, que a Dictadura argentina lle arrebatou o seu fillo de vinte anos e a súa nora, traxicamente “desaparecidos”.

O mesmo Gelman padeceu exilio varios anos e tivo que vencer moitas penalidades para recuperar a súa neta.

En Gelman, o drama humano é indisolúbel á condición de poeta e a razón. A recente estancia en Galicia aconsella volver sobre a súa obra (“Pesar todo”. Antoloxía. Selección, compilación y prólogo de Eduardo Milán”. Tierra Firme. Fondo de cultura económica. México, 2001), baseada “na memoria, a experimentación e a conciencia” –segundo Eduardo Milán. Memoria dos trinta mil desaparecidos en Arxentina, nun intento por parte dos elementos reaccionarios de evitar os cambios sociais. Nesas coordenadas, a poesía de Gelman eríxese en conciencia dos silenciados e ilumina unha

tráxica zona de sombra que alcanza á condición humana. Intensidade, paixón, piedade, ternura... son algunhas das características que nutren e definen os seus versos. A necesidade de resolver dúbidas e contradicións están na raíz dunha poética que aparece marcada pola visceralidade, a forza, a entrega.

Dos varios libros publicados por Gelman quedámonos con dous, escritos no exilio: “Carta aberta”, dedicado ao seu fillo Marcelo (París e Roma, xaneiro de 1980), e “Carta a mi madre”, ambos redactados cando xa esas “cartas” non podían ser recibidas polos destinatarios.

A segunda (Xenebra-París, xullo, 1984/ París, novembro, 1987), co-

meza constatando, “recibí tu carta 20 días después de tu muerte y cinco minutos después de saber




Ilustración de Xabier Garo

que habías muerto”/ una carta que el cansancio, decías, te interrumpió/ te habían visto bien por entonces/ aguda como siempre/ activa a los 85 años de edad”... E segue logo unha longa confesión/ indagación sobre o ser, o amor, a culpa, abranguendo substractos moi fondos da propia persoa e da relación coa “outra”. Gelman afonda, rastrexo, recupera, trata de que os ausentes regresen, de que encarnados en palabras sexan, definitivamente, salvados do olvido.

Esconxuro contra a morte é ese canto solidario, comprometido e ético que Juan Gelman ergue nunha liña semellante á de César Vallejo. Como ben di Milán, “a conciencia social que impregnó desde siempre la poesía de Gelman se transforma en conciencia política”, aínda que cómpre engadir que esa conciencia política non é allea á conciencia estética e creativa da linguaxe.

En “Los poemas de Sydney West”, Gelman válese dun alterego que lle permite abranguer, sen deixar de ser a mesma persoa, outros espazos; son sucintos retratos de persoaxes inventados, habitantes dun pequeno pobo do oeste americano. As interrogantes


e as barras, rasgos característicos do seu estilo, aparecen por primeira vez en “Hechos”, empezado en 1974, e xa non o abandonarán. As preguntas instalan o contido no terreo da dúbida, as barras fracturan o verso, quebrando o ritmo de maneira arbitraria.

Un libro curioso é “Dibaxu”; nun primeiro momento pensamos que estaba escrito en bable: (“avriendo la puerta dil tiempo/ tu sueniu/ dexa caer yuvia durmida”...) Pero non é bable, é sefardi. Gelman recupera ese idioma antigo, que aínda conservan os descendentes dos xudeus expulsados, para verquer nel unha serie de poemas de amor, breves, inocentes, húmidos. Porque a humidade, a chuvia, é outra constante en Gelman. Nun poema de “Eso”, dirá: “hoy llueve mucho, mucho/ y pareciera que están lavando el mundo/ mi vecino de al lado mira la lluvia y piensa escribir una carta de amor/ una carta a la mujer que vive con él/ y le cocina y le lava la ropa y hace el amor con él/ y se parece a su sombra”.

Si, foi un acerto da AELG nomear a Juan Gelman, escritor universal, “Escritor Galego! Universal”.

xulio@xulio.e.telefonica.es

libros



Vivir del aire
ANTÓN CASTRO

Editorial Ollante.
Zaragoza, 2010. 53 páxinas.

■ El escritor gallego afincado en Zaragoza desde hace años, creador y periodista, presenta su último libro de poemas. Textos de largo aliento, prosa poética para unos versos al servicio de la poesía, nunca de sí mismo, sin enfáticos ni impostada afectación.



Jóvenes y guapos
ALOMA RODRÍGUEZ

Editorial Xordica.
Zaragoza, 2010. 120 páxinas.

■ La joven protagonista de esta novela comienza una nueva vida. Mientras viaja por primera vez a Ourense, Lisboa o Jaca va descubriendo las grandezas y la melancolía de la vida adulta. La amistad, el teatro y la familia son los tres ejes sobre los que gira la historia.



Arquitecturas da infancia.
Escenarios e teatro na construción social da infancia

AREA CARRACEDO Y VILA PILLADO
Edicións Laiovento.
Ames, 2010. 181 páxinas.

■ A lo largo de la historia, los lugares destinados a la infancia han sufrido grandes transformaciones. En este ensayo se analizan las características sociales del universo infantil.



Lingua e futuro
GORETTA SANMARTÍN REI

Edicións Laiovento.
Ames, 2010. 275 páxinas.

■ A través de diez artículos cuyo eje conductor es la lengua gallega hoy en día, se concluye la necesidad de preservar la identidad sociolingüística frente a posturas simplistas. La diversidad cultural e idiomática es un patrimonio que es necesario proteger.



El mago y el loco
BARTH ANDERSON

Editorial La Factoría de Ideas.
Madrid, 2010. 320 páxinas.

■ Hace años, Jeremiah Rosemont dejó atrás las amargas rivalidades del mundo académico y ahora vive una existencia sencilla e itinerante en Centroamérica. Pero no puede dejar atrás su pasado... ni la peligrosa verdad que esconde el abandono de sus estudios.



La cúpula
STEPHEN KING

Editorial Plaza & Janés.
Barcelona, 2010. 1136 páxinas.

■ Un día de oculte, la pequeña ciudad americana de Chester's Mill se ve aislada por una cúpula transparente e impenetrable. Nadie sabe de dónde ha salido ni por qué está allí. Sólo saben que poco a poco se agotan las provisiones y el oxígeno.